

## Felipe Criado-Boado

Licenciado e doutor en prehistoria e arqueoloxía pela Universidade de Santiago de Compostela, Felipe Criado-Boado (Santiago de Compostela, 1960) é profesor de investigación no Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) dende o ano 2001, e director do [Instituto de Ciencias do Patrimonio](#) (INCIPIT) do CSIC, dende o 2010. Tamén foi presidente da European Association of Archaeologists (**EAA**), cargo que ostentou durante seis anos, ata setembro do 2021.

As súas liñas de investigación centráronse, fundamentalmente, na definición e consolidación da arqueoloxía da paisaxe, en teoría arqueolóxica, con especial interese na teoría interpretativa, os estudos críticos do patrimonio e a ciencia pública. Este enfoque posibilita a xeración de coñecemento a través do patrimonio, coma un eido de investigación crítica.

No 2020, foille concedido unha **ERC Synergy Grant** de máis de 10 M€ para o proxecto [XScape](#) (*Material Minds: Exploring the Interactions between Predictive Brains, Cultural Artefacts, and Embodied Visual Search*). Este proxecto, que se puxo en marcha en novembro do 2021 e se prorrogará durante seis anos, é unha proposta de colaboración entre catre entidades de investigación: a Universidade de Kiel (Alemaña) con Johannes Müller, a Universidade de Sussex (Reino Unido) con Andy Clark, e dous centros do CSIC, o Instituto de Neurociencias (Alacante) con Luis M. Martínez e o INCIPIT, que actúa como entidade coordinadora do proxecto; Felipe Criado é de feito o Corresponding PI da Synergy Grant. Do orzamento total, o CSIC recibirá máis de 6 M€ e o INCIPIT, 4,3 M€.

O ambicioso proxecto indúe a realización de corenta e un estudos de caso en diferentes países de catre continentes, que permitirán adquirir unha nova e robusta visión das complexas interaccións entre a mente humana e as diferentes culturas materiais que crea. Para levalo a cabo, instalárase en Santiago de Compostela (na nova sede do INCIPIT sita no Edificio Fontán da Cidade da Cultura) unha infraestrutura de nova construción e única no seu xénero a escala mundial chamada Material Minds Lab, especificamente orientada á análise experimental da relación entre cognición e materialidade en contextos ecolóxicos. O proxecto está a procurar voluntarios/as para participar nos diferentes estudos experimentais. As persoas interesadas poden contactar no email: [comunidad-xscape@incipit.csic.es](mailto:comunidad-xscape@incipit.csic.es)

No 2002, Criado-Boado foi galardoado pola [Asociación Española de Científicos](#) (AEC) coa Placa de Honor ao Mérito Científico.